

# BANDO

## PLAN TERMAL “DEPOTERMAL 2019”

### **DESCRINCIÓN DO PLAN:**

#### **a. Programa de asistencia diaria**

Consiste en pasar cinco días consecutivos (de luns a venres), en quenda de mañá ou tarde, utilizando durante un mínimo de dúas horas as instalacións dun balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, incluíndo os traslados en autobús (suxeito a grupo mínimo de persoas) con guía acompañante dende os concellos de orixe ata ó establecemento escollido e viceversa.

As persoas beneficiarias do programa poderán elixir indistintamente, no momento da solicitude, o establecemento que máis lles satisfaga entre os ofertados pola empresa adxudicataria.

#### **b. Programa termal de pernoctación en réxime de pensión completa:**

Ofrece unha estancia de seis días e cinco noites nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

O paquete inclúe, ademais da estadía e a pensión completa (coas bebidas incluídas), a utilización do spa, balneario ou outras instalacións de características similares un mínimo de dúas horas ó día e os traslados en autobús dende os concellos de orixe ata o establecemento escollido e viceversa (suxeito a grupo mínimo de persoas).

### **PERSOAS BENEFICIARIAS:**

Poderán beneficiarse do plan termal as persoas empadroadas no concello de Soutomaior que non padezan ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do plan e que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- a. Ter nacido antes do 1 de xaneiro do ano 1969. Deberá acreditarlo cunha copia do DNI ou NIE.
- b. No caso de nacer o 1 de xaneiro do ano 1969 ou con posterioridade, ter a condición de pensionista. Deberá achegar unha copia do certificado de pensión/s.
- c. Ter o grao de dicapacidade igual ou superior ao 65%. Deberá achegar tarxeta ou certificado do grao de discapacidade.
- d. Precisar dun respiro familiar, que se acreditará mediante un informe do/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios básicos.

**\*No caso de parellas que desexen participar no plan xuntos, é preciso que as dúas persoas cumpran os requisitos esixidos\***

### **PRAZO E INSCRICIÓN:**

Ata o 29 de marzo do 2019 nos servizos sociais comunitarios do concello de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Soutomaior, 28 de febreiro 2019  
O alcalde



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

**Documento asinado dixitalmente á marxe**